

ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE ADMINISTRATIVA/O, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA E A SÚA FUNCIONARIZACIÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO

De acordo ca base oitava das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 69 de data 12 de abril de 2023) que se transcribe a continuación:

*O proceso selectivo iniciarase coa fase de concurso. O tribunal procederá á baremación dos méritos presentados polas persoas aspirantes e unha vez rematada esta fase procederá a publicación das puntuacións no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.*

*Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación.*

*Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación da baremación definitiva da fase de concurso.*

*Rematada a fase de concurso, as persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da fase de oposición nun único chamamento, sendo excluídas do concurso - oposición as que non comparecesen, agás nos supostos debidamente xustificadas e apreciados libremente polo tribunal. En todo caso, as causas ou probas xustificativas, formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.*

*O comezo do primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar nun prazo non inferior a dez (10) días hábiles desde a publicación do correspondente anuncio o que indicará, así mesmo, a orde de chamamento das persoas aspirantes, segundo a Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e que para o ano 2023 é a letra "V" (DOG nº 18, do 26 de xaneiro de 2023).*

*A celebración dos distintos exercicios da fase de oposición deberán respectar un prazo mínimo de corenta oito (48) horas, en tanto que as distintas probas dun mesmo exercicio poderán ter lugar nunha mesma xornada, se así o considerase o tribunal.*

(...)

Tendo en conta que transcorreu o prazo para a presentación de reclamacións á baremación inicialmente asignada ás aspirantes, sen que se presentara ningunha, dáse por rematada a fase de concurso.

Así mesmo e, seguindo o estipulado na referida base, a través deste anuncio **convócase** as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición para o día 16 de outubro de 2023, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos do Concello.

Teo, na data da sinatura dixital,  
O secretario do tribunal,

Luis Enrique Papiri Villanueva